



# Agora mans á obra, que a igualdade é unha tarefa



# A foto que fala

Un mes despois de que os militares asumisen o control da seguridade en Río de Janeiro, a violencia non cede. 6 731 mortos o ano pasado, máis de 1 000 tiroteos no que vai de 2018, 21 mortos diarios no mes de xaneiro... Os datos fan estremecer.



## O trasno Ninguén daba un marco por Hitler

Daniel López Muñoz



Non é una broma isto que pasa en Europa e no mundo - véxase Italiano xurdimento por veces triunfal da extrema dereita, tantas veces agachada detrás de discursos patrióticos contra a inmigración e slogans de adhesión fácil e visceral para toda a xente traballadora anoxada. Slogans como, por exemplo “America first” (Trump) , “Norte branco, traballador e honesto” (Liga Norte, antes de pasar a ser simplemente “La Lega”) o “Atrévete, Alemaña” (AFD).

Ninguén cría que Hitler puidese acceder ao poder absoluto como o fixo. Pero pasou. O que si parece fóra de

dúbida é que foi a debilidade e o descrédito da república constitucional de Weimar a que permitiu a ascensión dun psicópata criminal. Causar, por vía directa (mortos en combate) ou indirecta (fame e enfermidade) 80 millóns de mortos ten que encher de gozo a un elemento así, por máis que as vítimas pensasen outramente. O caso é ese, puxéronllo fácil: primeiro foi o contexto de hiperinflación e despois o tremendo nivel de desemprego que veu coa Gran Depresión. Todo unido ao descrédito da política e do parlamento e a un profundo convencemento na xente de que os que mandaban non eran quen resolver os problemas básicos dos votantes. Unha película ben actual.

Hai varios problemas de agora que son como o misterio da Santísima Trindade, de imposible comprensión. Sen ir máis lonxe, o prezo da vivenda e o prezo da enerxía. Ser mileurista non estaría tan mal sen esas facturas desbocadas. A xente non se ex-

plica que pasa, ...ou si, algo albiscan mirando o palco do Real Madrid, os consellos de administración das eléctricas e as súas contas de resultados anuais. O caso é que os parlamentos non axudan a entendela nin a desentrañalo. Os executivos non son quen de resolvelo. Pídenos un acto de fe. Pero isto é política.

Esa impresión de impotencia é unha nova fatal para a democracia parlamentaria. Xa non é que non queiran, que xa lles chega ben. Ademais, non poden, non saben. Non se lles ven ideas nin capacidade de análise. Son grises, pero sen materia gris. O seus pensamentos máis complexos collen nun tweet, o que non quita, sexamos xustos, para que de cando en vez teñan unha xenial ocorrencia, do tipo: “vou mandar aos xubilados unha carta felicítándoos pola suba de dous eurazos na súa pensión?” Aos xubilados, si, aos mesmos que pagan as facturas de vivenda e de enerxía súas e dos seus fillos e fillas.

Pois o dito, ninguén daba un marco por Hitler.

# Editorial Retos igualitarios para Semana Santa

A folga feminista do 8 de marzo debería ser, pola súa contundente evidencia, un sinal dos tempos para toda a sociedade. Unha chamada a unha igualdade en acción. Tamén para a Igrexa.

Resulta anacrónico que se reproduciran de novo voces episcopais poñendo baixo sospeita a mobilización e tratando de distinguir entre feminismos bos e malos. A causa da igualdade real, non só legal, é un potente tren histórico que xa leva demasiado atraso. Ningunha voz da Igrexa debería poñerlle paus nas rodas, argallar historias para que non arrinque, nin andar elucubrando sobre as características técnicas dos seus motores. É un movemento imparabile, colectivo, emancipador. O que non queira montar, que non o faga. Pero que estorbe pouco.

## Para que a igualdade, a xustiza e vida vaian loguiño resucitando e sermos parte desa historia

Pero a boa nova é que si hai quen quere montar, que leva ben tempo nesa loita; hai moitas e, cada vez máis, moitos. E hai movementos inspiradores para argumentar o cristianismo outramente, como o da Asociación de Teólogas que neste número difundimos.

Se as Igrexas e comunidades de fe escoitamos a voz do Espírito na historia humana -onde se non?- , deberíamos celebrar, agradecer e potenciar os avances dunha humanidade máis cooperativa, fraterna e igualitaria. Onde, por exemplo, as “cargas” da parentalidade se repartan por igual. E lamentar e combater os avances en sentido contrario. Morrer ao *home vello* – nunca mellor dito- , machista e patriarcal, anulador e violento, e nacer a unha humanidade nova, complementaria e agradecidamente igualitaria. Non son malos deberes para unha Semana Santa en 2018.

Tamén traemos ás nosas páxinas, cumpridos os dous anos do vergoñento acordo entre a Unión Europea e Turquía, a que, como civilización, é a nosa gran materia pendente: milleiros de seres humanos exiliados de guerras sen piedade e outros infortunios que están nas portas de Europa, nas mans de mafias, menores incluídos, e aos que non somos quen de dar solución.

Na mesa compartida do xoves santo e na memoria da morte do xusto do venres de paixón, temos deberes e escoitas que facer. Para que a igualdade, a xustiza e vida vaian loguiño resucitando e poidamos ser parte e botar unha man nesa fermosa resurrección.

## Rumores de esperanza

Xan Guillén

O pasado 8 de marzo foi un día moi especial. Tratábase de dar unha lección ao mundo e penso que foi toda unha demostración de pedagogía. As mulleres saíron á rúa a protestar e enchérona de cor e festa reivindicativa. Ninguén puido pór ningún pero. Nin que foi violenta, nin que se obrigou a ir, nin... Antes ben, todo o contrario. Ata aqueles sectores máis afastados da loita feminista e que prefiren mirar para outro lado tiveron que mirar porque non había outro sitio para onde facelo.

Os que pertencemos ao colectivo de seres humanos chamados homes temos que aprender moito deste tipo de loitas. Temos que asumir que hai

que camiñar en unidade. Que todos temos que entoar un “*mea culpa*” por ter caído en moitísimos erros no día a día. Que o final do camiño non é o horizonte da utopía. O camiño lévanos a un mundo normal onde ningunha muller se sinta discriminada por selo.

Agora temos que facer unha análise sensata. Se cadra, unha autoavaliación co método tradicional de ver, xulgar e actuar. E tomalo en serio porque eu tamén desexo un mundo xusto e tranquilo para todas as mulleres ás que eu quero (nai, parella, fillas, amigas...), onde poidan ir pola rúa en paz, que poidan traballar en igualdade e vestir en liberdade. E, se cadra,



esta avaliación hai que facela a fondo na Igrexa. Hai moito en xogo. Un Evanxeo (boa nova) en masculino é unha mala nova.

1



3



2



4



# A peneira

1

Os cruceiros e calvarios lémbrranos a coíño a presenza da **CRUZ** na nosa cultura, obras de arte que atesouran a memoria de cada aldea e fonte de inspiración para As cruces de pedra na Galiza, de Castelao, o "Cristo Obreiro", de Luis Seoane, ou o de Xaquín Marín...

2

O **VERTIDO** de residuos radioactivos no océano segue preocupando, cando está a rematar a moratoria de prohibición do 1994 para 25 anos. Seguen os riscos de convertelo nun cemiterio nuclear porque non se pode controlar o que se deposita no mar, que se envenenado por toneladas de plásticos e lixo.

3

A **PRIMAVERA** abrolla coa lembranza de momentos prodixiosos de cambio de mentalidade desde o 15M, a Primavera de Praga..., ata o Maio Francés, con antecedentes na Galiza de marzo do 68. Mananciais de arelas hoxe queimadas por un imperialismo destrutor das liberdades.

4

Neste marzo lembramos os cen anos das **REVOLTAS** sociais de mulleres en Galiza contra a opresión e a fame, escoitando en Ferrolterra: "Aquí bastamos nós!", mentres asaltaban peiraos e vagóns na busca de fariña para pan. Aquel 11 a garda civil matou en Narón catro mulleres que loitaban contra a suba dos presos.


5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

O 4 cumprense os 50 anos do asasinato de Martin Luther King, ao que lembramos ficando nas súas teimas: “Teño un **SOÑO**, un só soño, seguir soñando. Soñar coa liberdade, soñar coa xustiza, soñar coa igualdade e oxalá xa non tivese necesidade de soñalas”, ou “Se soubese que o mundo rematase mañá, aínda, plantaría hoxe unha árbore”.

6

Nas Feiras do Viño, o 24 a de Sober, non só brindan polo seu futuro, tamén denuncian as poucas axudas para que inxe con enerxía, para paliar os danos das xeadas e sarabias. Unha empresa da Ríoxa levou o 21% das axudas para plantar **VIÑEDO** en Galiza.

7

O día dos **BOSCOS**, o 21, celebramos o Premio Osíxeno concedido á Comunidade de Montes de Froxán, de Lousame, por Adegas, e agora proposta a un recoñecemento a nivel mundial por substituír 20 has de eucaliptos e acacias por frondosas.

8

Viveiro vive a Semana Santa con moita emoción, incrementada este ano coa apertura do Museo de Arte Sacro, nos claustros de San Francisco, onde podemos admirar varias tallas dos séculos XVII, XVIII..., das que remarcamos as do **“ENCONTRO”** no Venres Santo, significativo en todo o país.

# Política

## Dúas caras da Constitución

Carlos Vázquez G.



A Constitución foi aceptada pola gran maioría da xente como un bo resultado para a complexa e difícil transición política desde a ditadura á democracia. Posiblemente foi factor esencial daquel gran consenso o medo de todos a unha confrontación civil que ninguén quería. O personal, con consenso e todo, tiña a mosca detrás da orela e non se deu a transición por rematada ata a chegada dos socialistas ao poder, producíndose así a alternancia que, dicían, garantiría o funcionamento democrático. Todo foron loubanzas ao consenso conseguido, á modélica transición española cara á democracia e produciuse unha amplísima aceptación e adhesión, *de facto*, a un sistema que nos devolvía á normalidade política do noso arredor e nos introducía na UE, ese proxecto de nova patria ética,

construída co diálogo e co acordo político, onde poderían convivir as múltiples patrias étnicas da vella Europa. Todas estas perspectivas e os avances no Estado social, aínda que modestos, fixeron que a Constitución gozase durante anos dunha gran aceptación. Hoxe é outra cousa.

Empeza a verse outra cara da Constitución, da que pouco se falou debido, seguramente, á política de sacralización da Carta Magna, que se estimulou desde o poder e desde intereses netamente bipartidistas. E xa se sabe que o sagrado non se pode tocar. Agora son cada día máis as voces que rompen con ese tabú e empezan a descubrir na Constitución o alto e abusivo prezo que houbo que pagar para que as liberdades puidesen instalarse sen violencia política. Sinálase como o resultado dun consenso co que se tivo que tragar a segunda restauración borbónica, que o mesmo Franco diseñara nomeando o entón Príncipe de Asturias como “sucesor a título de rey” e facendo efectivo así aquilo de “deixar todo atado e ben atado”. De feito, o núcleo central do réxime político que nace no 78 vén a ser o mesmo ca o daquela primeira restauración borbónica: Rey, Cortes, Constitución e quenda. Quenda, como o modelo bipartidista aínda resistente. Isto explica mellor ca calquera outra cousa que, a pesar de 40 anos de democracia, non se teña amortizada a guerra civil ou que aínda sigan ignominiosamente enterrados en campos e cunetas miles e miles de vencidos, ao tempo que se lle rende homenaxe público e oficial ao ditador no Valle de los Caídos.

Dúas visións que abundan para facer bo o aserto de que “Constitución que non se reforma está condenada a desaparecer”. Por moi sagrada que se queira facer.



# O peto común

Teresa Souto Loira

O día de hoxe foi un día combativo, de loita e rebeldía, de petición de dereitos, de denuncia de inxustizas. Non nos calarán, somos moitas, a metade da humanidade, e estamos xuntas, unidas, todas a prol da igualdade. Da igualdade real, nos traballos, nos salarios, nas empresas, nos fogares, na Administración, na política, nas escolas, nos medios de comunicación, nos libros de historia, de ciencias, de literatura, na vida cotiá, no día a día, porque xa estamos FARTAS. E como somos moitas, unidas e fortes, hoxe quero compartir frases dalgunhas compañeiras de revolta, da revolta dos 365 días do ano, ano tras ano:

-Polo futuro da humanidade temos que facer que as voces e accións reivindicativas do conxunto das mulleres sexan visibles e poidamos acadar o que tanto desexamos.

-Oxalá mañá non teñamos que escoitar máis asasinatos de mulleres. O feminismo non mata, o machismo, todos os días.

-Só pedimos vivir con dignidade, con todos os dereitos, todas as liberdades, non quero ter medo por min e por todas.

- Non debemos deixar que o día de hoxe quede niso... nun día. Hai que seguir adiante, coa nosa mellor arma a sororidade. Non hai mellor revolución ca querer-se a unha mesma. Por todas, nin unha menos.

-Por nós, polas que estiveron, polas que se foron, polas que xa non poden berrar, polas que berramos e polas que no día de mañá berrarán.



-Que se somos malas entre nós... Que se somos máis machistas... Que se... se nós gobernásemos acabaríamos con todo, que non falemos demasiado alto... Pero isto é IMPARABLE porque querémonos e estamos unidas. Grazas, compañeiras, por un día inesquecible.


-Deixemos de aprender, primeiro desaprendamos.

-Polas nosas avoas, nais, fillas, sobriñas, amigas...

-Son precisas máis medidas de conciliación dirixidas tanto a mulleres como a homes. O emprego é unha ferramenta que nos dá capacidade económica e independencia.

-Loitemos unidas para rematar cunha herdanza de machismo, que nos afoga e nos mata. Deixemos a pasividade e revelémonos para construír un futuro de igualdade real para todas. Querémonos libres, querémonos vivas!

## O CARRABOXO por ROBE LOIS



# Entrevista

## “A xente migrante morre porque hai vontade política para que morra”

Marisa Vidal Collazo e Xosé María Barca López  
(Rede Galega en Apoio ás Persoas Refuxiadas)



Ernesto e Alessandro  
nun momento da  
entrevista

*A finais de febreiro cumpríronse dous anos do vergoñento acordo da Unión Europea con Turquía en materia de refuxiados. A Rede Galega en Apoio ás Persoas Refuxiadas organizou diferentes actos por toda Galicia nos que participaron, entre outros, Ernesto G. Maleno, encargado de comunicación de Caminando Fronteras e portavoz de Jóvenes en Pie Madrid e Alessandro Forina da Red Solidaria de Acogida de Madrid. O que vén a continuación é parte dunha conversa máis longa que mantivemos con eles e que proximamente se publicará en Encrucillada.*

**Que estades a facer neste momento desde as vosas organizacións?**

**A:** Na Red Solidaria de Acogida de Madrid temos dúas liñas de traballo. Unha é a axuda humanitaria a persoas migrantes e solicitantes de asilo. Acompañámoslos a realizar os trámites, a buscar piso... cousas básicas que para calquera persoa poden ser normais, pero que para as estranxeiras son outra fronteira. E a segunda liña de traballo é a denuncia pública da situación das persoas migrantes ben a través de redes sociais, con manifes-

mos estratexias de apoio en relación á sanidade, á educación, á sensibilización. Asistimos sobre todo as vítimas de trata e a infancia. E por outro, realizamos traballos de denuncia da situación da fronteira sur como “espazo de non dereito”: abrimos causas xudiciais, comisións de investigación de verdade, acompañamos os mortos das pateiras, ás familias nos procesos de identificación nos depósitos de cadáveres, contactamos con elas nos países de orixe, etc. Pero o traballo diario é, sobre todo, atender as cha-

## Hai que denunciar para que as institucións non se desentendan dos dereitos humanos

tacións, concentracións... e todo o que poida xurdir para a difusión da súa precaria situación.

**E:** Caminando Fronteras somos un colectivo que traballa na fronteira sur desde o ano 2001. En Marrocos, porque entendemos que non podemos teorizar e analizar a situación desde lonxe, necesitamos plantarnos alí para tecer unha relación directa coas comunidades migrantes que loitan por mellorar as súas condicións de vida. Por unha banda desenvolve-

mos de auxilio que recibimos das pateiras que se atopan á deriva e que necesitan ser rescatadas. Chámannos e coordinámonos co fin de que o seu dereito á vida sexa protexido.

**Coincides en que o traballo de denuncia é importante, por que?**

**A:** A denuncia serve, en primeiro lugar, para apremiar ás institucións que son as responsables do que está a pasar. Son os dereitos de seres humanos os que se vulneran e é responsabilidade plena das institucións evitar que



isto pase. Porque se hai sociedade civil organizada facendo o traballo que lle compete ás institucións, estas poden desentenderse da súa responsabilidade e deixar a asistencia e protección dos Dereitos Humanos nas mans das persoas activistas. E serve tamén para avisar á parte da sociedade que non se quere involucrar no coñecemento destes problemas.

**E:** A denuncia é esencial porque os males deste mundo, e os males da fronteira, non suceden por graza de Deus senón que hai unha serie de responsables políticos claros. A xente morre porque hai vontade política de que morra. Cando a fronteira se constitúe nun buraco negro da democracia onde non se pode acceder á verdade de ningunha das maneiras, a denuncia serve para deitar luz, para esclarecer mediante comisións de investigación cales son as causas desas mortes. É necesario denunciar as políticas europeas, españolas concretamente, que se executaron mediante devolucións en quente, deportacións, externalización de fronteiras, militarización... que o que provocan, en última instancia, é que a xente morra.

**Que vos motiva para entrar neste mundo e traballar nestas loitas?**

**A:** Eu estou a facer unha tese de doutoramento en cuestións de asilo e xénero. Estou moi interesado, desde que estudei antropoloxía, no tema da emigración e o refuxio. Vivo en Lavapiés, e a Rede funcionaba alí, así que fun ver o que estaba a pasar. Pareceume moi importante dar difusión a este tema, en charlas, congresos... O asunto dos dereitos humanos interésame desde sempre. Para min é moi importante poder facer algo aínda que sexa mínimo. Non me conformo só coa queixa, ou con financiar con 10 € mensuais a unha ONG. Iso para min non sería suficiente.

**E:** E o meu é unha cuestión case xenética... Eu nacín no mar de plástico,

en El Ejido. Vivín as redadas racistas que houbo alí, pois convivía no meu barrio cunha poboación marroquí moi grande. Decidimos irnos a Marrocos a raíz do proceso de criminalización que se estaba dando connosco. Lembro xogar cos nenos do meu barrio a colgarme dunha serie de valos. Aos poucos deime conta, mentres aprendía árabe, que ao que xogaba-

## Desde 2012 tivemos os teléfonos pinchados e vivimos a nosa criminalización

mos era a collernos debaixo do camión para pasar a fronteira, cousa da que eu non tiña necesidade, pois era un neno con papeis... Pero todo isto impregna a miña vida, do mesmo xeito ca todas esas perdas que arrastro. Xente coa que compartiches tanto, nenos que foron como irmáns teus, amigos e que da noite para a mañá

tocaba chorar porque a pateira se afundira. Agora estou en Madrid estudando Ciencias Políticas. Empecei a militar en diferentes movementos e o que tocaba era servir de ponte entre as compañeiras de Marrocos e eu en Madrid. En Caminando Fronteras levo a parte de comunicación e o meu labor é basicamente contradicir o dis-

curso racista que se expande pola sociedade.

**Temos unha historia pendente, que é a de Helena Maleno (nai de Ernesto). Como está a súa situación a día de hoxe?**

**E:** Se xa o tema migratorio ten unha carga emotiva e de traballo moi gran-

XORNADAS


# 'REFUXIAD@S, RESPOSTAS SOLIDARIAS'

ALTERNATIVAS ANTE 2 ANOS DO PECHE DE FRONTEIRAS

ALESSANDRO FORINA  
Red Solidaria de Acogida Madrid

ERNESTO G. MALENO  
Caminando fronteras

MODERA: REBECA FERRÍN



FACULTADE DE  
FILOSOFÍA .USC

22 FEBREIRO  
20:00h

MÁS INFORMACIÓN [www.rederefuxiadas.org](http://www.rederefuxiadas.org)

Cartel anunciador dun dos actos organizados pola Rede Galega en Apoio ás Persoas Refuxiadas



Ernesto e Alessandro intervindo no acto celebrado o 22 de febreiro na Facultade de filosofía

de para nós, tivemos que cargar con outra que é a criminalización, as ameazas telefónicas, a filtración da nosa vida privada... desde hai moitos anos. Entón non o sabiamos, pero agora si sabemos que a partir de 2012 tivemos “pinchados” os teléfonos. Ao principio tomabámolo de broma, pero no ano 2014 converteuse en algo serio co intento de asasinato que sufriu a miña nai no barrio de Boukhalef. Daquela as institucións españolas non nos fixeron caso... A cada momento recruaba a represión e a criminalización. Ao ver que nada funcionaba pasaron á vía xudicial.

No Estado español acúsana de facer chamadas a salvamento marítimo. A policía elabora un informe onde ela aparece caricaturizada como a maior traficante do Norte de África. O mesmo informe non recoñece lucro ningún, polo que a Fiscalía da Audiencia Nacional arquiva a causa.

A Policía leva o informe a Marrocos e Helena é citada nos xulgados marroquís onde foi declarar xa varias veces. Atopámonos no medio dun proceso moi longo e moi duro no que, independentemente do que pase, fíxose

xa un dano moi grande. Agora estamos no proceso de instrución e o xuíz de Marrocos ten que decidir se arquiva a causa ou se ceden ás presións que poida haber e pasan a unha acusación formal e a un xuízo que lle pode custar dunha multa á cadea perpetua.

## Coma o de Helena Maleno hai 45 casos en Europa

O Estado español ten a obriga moral de notificar ao estado marroquí que a causa xa foi arquivada en España, cousa que non quere facer de ningunha maneira a pesar da presión social e institucional. E nese punto nos atopamos.

**Que podemos facer desde aquí para axudar?**

**E:** A campaña en contra foi brutal, pois somos unha organización moi pequena, de apenas 10 persoas e realmente houbo máis de 1000 organizacións internacionais que sumaron o seu apoio, máis de 200 personalidades, mobilizacións, manifestos... lem-

brándolle ao Estado a súa responsabilidade nesta cuestión. Hai 60000 cartas que en cuestión de horas se escribiron aos Ministerios de Interior e Exteriores apremándoo na súa obriga de lembrar a Marrocos o arquivo da causa nos tribunais españois. Eu creo que a nivel social realmente non podemos pedir máis, de feito non contabamos con todo ese apoio.

Pero todo isto serviu para algo máis. Serviu para lanzar un novo debate nas axendas sociais, que é o da situación das defensoras dos Dereitos Humanos en Europa. Como o caso de Helena hai ata 45 en toda Europa que van no mesmo sentido. Pediríamos que nos espazos públicos nos que se faga denuncia se estea pendente de todas estas situacións, do que imos colgando nas redes para ver que necesitamos en cada momento.

**Que vos queda de toda esta experiencia, da vosa visita a Galicia?**

**A:** A min quédame unha sensación moi boa. A pesar de que en Galicia non hai tantas persoas refuxiadas ás que atender como en Madrid, vexo que hai unha rede informada, que

funciona e se organiza bastante ben. Iso dá esperanza, ver como se organizan para concienciar e traballar.

**E:** Eu voume moi contenta a nivel persoal. Viña disposta a conectar con esa parte, ese ADN migrante que ten o pobo galego. Sodes un pobo con terminoloxía concreta, a morriña, para describir o que se sente ao irse, ao moverse, ao cambiar de país. Onte tocouvos a vós emigrar e hoxe toca apoiar esas persoas e comunidades. Vese que hai xente que ten memoria neste país da desmemoria, que non esquece as súas experiencias pasadas. Iso agrádecese moito.

# Utopía

de semana santa



A oración adecuada á fe cristiá non pretende cambiar nada en Deus, senón deixarnos cambiar polo seu Espírito cara a unha mellor xustiza amorosa.

(X.A. Miguélez)



*A Asociación de Teólogas Españolas, xunto con diversos colectivos e persoas asinantes, con motivo da celebración da muller do 8 de marzo, queixémonos sumar ás manifestacións públicas a favor das mulleres. De forma festiva, pero tamén reivindicando a dignidade das fillas de Deus neste mundo desigual onde frecuentemente se vulnera.*

### 1. Necesitamos falar das mulleres e non da “muller”

Deus encarnouse para ser un ser humano concreto, unha persoa histórica particular e irrepitible, Xesús. A súa vida, e non outra, as súas palabras, e non outras, a súa morte e a súa resurrección son as que nos fan presentes de forma máis íntima e próxima a Deus. O Deus de Xesús non se move nas xeneralidades, que homoxeneizan e cousifican aquilo que pretenden describir. É por iso que Xesús sempre se dirixe á persoa que ten diante, chámala polo seu nome e faina lugar de manifestación da súa graza (Lc. 7, 48-50; 8,43-48).

Na mesma liña, falar da “muller”, coma se se tratase dunha categoría xenérica, no canto “das mulleres”, en plural, empequecece aquilo que pretende describir: asume que todas sentimos igual, actuamos igual e vivimos igual. Que unha idea xeral de “muller” vale por todas. Desdébuxase así aquilo que caracteriza a vida, é dicir, a experiencia persoal.

### 2. Somos fillas e fillos de Deus por un mesmo bautismo. Irmás e irmáns en Cristo en discipulado de iguais

Os relatos da Xénese falan da creación de ser humano como un ser en

pezas dun *puzzle* que encaixan para reflectir unha imaxe superior, senón que fomos marcados para levar á plenitude a humanidade que nos habita a cada un, sen depender ou complementar uns a outros ou facer diferenzas e discriminacións.

Lamentablemente, o mundo que nos rodea e do que formamos parte, a miúdo exprésase en claves de desigualdade, abuso e poder. A despersonalización (que non é outra cousa que a vulneración da imaxe de Deus no ser humano, sexa home ou muller), a cousificación, a explotación

## Home e muller fomos marcados para levar á plenitude a humanidade que a cada un nos habita

relación: desde o principio é creado como varón e como muller. Ningún deles posúe ao outro nin é a medida do outro: a medida, a imaxe, é sempre a de Deus. Neste sentido, o ser humano, xa sexa varón ou muller, expresa o seu ser imaxe de Deus cando recoñece e aprecia a existencia dos outros. Home e muller non somos fragmentos, parella de opostos, que expresen xuntos a imaxe de Deus, como dúas

dos corpos das mulleres (xa sexa sexual ou en forma de violencia de xénero) ou as enormes desigualdades que existen entre homes e mulleres (sociais, salariais, familiares e eclesiais), sitúan as mulleres en lugares nos que a súa dignidade se ve reducida, ao obrígala a depender do varón, ou directamente negada, por considerala de segunda categoría. Contra isto úrxenos recuperar a con-

dición sagrada á que nos introduce o bautismo. Por Cristo todas nosas idiosincrasias e complexidades, tamén ser muller ou varón, pode ser condición de plenitude. Todos participamos nunha mesma dignidade, pero non por sermos iguais, senón por sermos diferentes. A diferenza non nos debe facer dependentes (frecuentemente as mulleres dos homes) senón que contribúe á equidade da mesa do Reino, onde a misericordia de Deus nos dita quen necesita máis e non quen ten máis autoridade (1Co 3,4-6).

### 3. A participación eclesial de mulleres é xerme de vida nova da Igrexa

Desde o texto de Lc 8, 1-3, onde se nos indica que “Ílan con el os doce e algunhas mulleres”, non se pode negar

### 4. Sen as mulleres non hai futuro

«Só o Reino é Absoluto, o demais é relativo» (EN, 8). Estas palabras rotundas do papa Pablo VI na *Evangelii Nuntandi* expresan a centralidade que ocupa o Reino na Igrexa e na vida crente. Como María, as discípulas e discípulos de Xesús experimentamos que a liberdade recibida, á que se nos chama como bautizadas e bautizados, foi coutada a través da historia. Nos nosos días isto acada unhas condicións máis graves aínda, ao formarmos parte dunha cultura capitalista na que case calquera persoa pode ser descartada e expulsada polo sistema. Así, o deus diñeiro, a explotación, o abuso, a trata e a destrución da nai e irmá

terra están escurecendo moitas veces a presenza do Deus vivo. Con todo, a vida da graza maniféstase no empeño de moitas mulleres que continúan buscando as causas estruturais e que se empeñan en revertelas. Como o papa Francisco sinala: «A historia leva as pegadas dos excesos das culturas patriarcais» (AO, 54) e agora debemos todos tomar partido. Necesitamos transitar xuntos as sendas que nos abre a revolución da tenrura.

### 5. Unidos contra a violencia contra as mulleres nas súas distintas formas simbólicas e físicas, sociais e eclesiais.

Por iso é necesario protexer a vida que dá froito como unha opción do Reino. O corpo das mulleres é obxecto de disputas, de loitas de poder e



xa que as mulleres seguiron a Xesús desde Galilea a Xerusalén; que formaron parte do grupo que seguía a Xesús: escoitaban a súa mensaxe, aprendían del e seguían de cerca, o mesmo que os discípulos varóns. Este grupo son seguidoras de Xesús; aparecen de xeito público con el na súa misión de anunciar o Reino e son testemuñas inmediatas da súa tarefa. Xesús sénteeas discípulas e relaciónase con elas como tal. Son mulleres de todo tipo e condición e están no mes-

mo plano e teñen os mesmos dereitos que os varóns no grupo de Xesús.

Ese primeiro grupo de Xesús é o xerme e inicio da nosa Igrexa. Se eliminamos todas as interpretacións non adecuadas ou “manipuladas” que se fixeron deste texto, poñendo voz e visibilizando as primeiras mulleres e a outras na historia da nosa Igrexa, comprenderíamos que, como en tempos de Xesús, a participación eclesial de mulleres hoxe é xerme de vida nova na Igrexa.

Necesitamos transitar xuntos as sendas que nos abre a revolución da tenrura

de dominación onde, a miúdo, proxéctanse as insuficiencias, os complexos ou as rivalidades dos varóns. Os crimes de honor non pertencen ao pasado nin ao mundo empobrecido. En España, os datos sobre a violencia contra as mulleres mostran que un 22% das mulleres sufriron violencia física e/ou sexual nalgún momento da súa vida.

Hoxe en día segue habendo discursos ideolóxicos e relixiosos que non soamente non condenan a violencia contra as mulleres, senón que manteñen a ambigüidade, xustificana e nalgúns casos sacralizan o menosprezo e a submisión das mulleres, en nome das

lecturas nesgadas dos propios textos sagrados ou as tradicións.

A miúdo cuestiónanse as reflexións e os estilos de vida das mulleres que se afastan do ideal estereotipado do eterno feminino da maternidade, obxectivando as mulleres só polos seus ritmos fisiolóxicos e xustificando claves culturais de submisión e pasividade ao varón que non corresponden á liberdade dos fillos e fillas de Deus. Trátase dunha violencia simbólica que menoscaba a autoestima de moitas mulleres, culpabilizándoas e

a familia debe ser o lugar de acompañamento de seres humanos que tomen en serio a vida dos outros

dificultando a súa vida e as súas relacións cos demais.

Se algo ha de ser a familia cristiá é un crisol de empoderamento e liberda-

de. Exemplo para a humanidade de acompañamento de seres humanos que toman en serio a vida do outro, respectándoo e dándolle espazos de realización persoal. É un reto educar aos nenos e nenas na igualdade e o recoñecemento das diferenzas como unha oportunidade de se sentiren iguais e non uns mellores ca outras.

Todo iso é construír Reino de Deus aquí e agora. Esa é a nosa tarefa como cristiáns e cristiás que buscan mostrar ao Deus da misericordia e a fraternidade.

A marzo de 2018

## O noso taboleiro

## Encontro anual da coordinadora de crenes galeg@s

Sábado, 7 de abril

CSC "Agustín Bueno" do Castiñeiriño

- 10.00 h Acollda
- 10.30 h Introducción: A desigualdade que vivimos (Alfonso Mascuñana)
- 10.45 h A desigualdade na infancia: exposición e debate (Maricarme Ariza Cabrera)
- 11.30 h A desigualdade na xuventude: exposición e debate
- 12.15 h Descanso
- 12.45 h A desigualdade nos maiores: exposición e debate (Guillermo Fontán Feijóo)



- 13.30 h Conclusións
- 14.30 h Xantar compartido
- 16.30 h Celebración: A igualdade que soñamos
- 18.00 h Despedida

**ANÍMATE, VEN E PARTICIPA!**



EDITA: Asociación A. IRIMIA

Dende setembro de 1981

FEITO EN PAPEL RECICLADO

**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

**COLABORADORES:** Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

**RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN:** [revistairimia@asociacion-irimia.org](mailto:revistairimia@asociacion-irimia.org)

**SUBSCRICIÓN:** Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / [subscripciones@asociacion-irimia.org](mailto:subscripciones@asociacion-irimia.org)

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

**PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA:** [asociacion-irimia@asociacion-irimia.org](mailto:asociacion-irimia@asociacion-irimia.org)

**CONTA:** ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:** TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

**ISSN:** 2172-9182

**IMPRIME:** TÓRCULO Artes Gráficas

**DISTRIBÚE:** IMPACTA

**EDICIÓN ELECTRÓNICA:** <http://asociacion-irimia.org/revista.html>

# Boa Nova



A PALABRA

## A paixón dos Gabrieleles

A roupiña lista, ben estirada na cadeira, para saír ben abrigado, o último repaso con colonia, facendo a raia no lado, o bico na porta, o bocata na mochila e aí vai o neno a comer o mundo. Por escudo, os mimos: da avoa, da mamá, do universo enteiro pendurado no sorriso aberto. A plenitude dos ollos vivos cheos de estrelañas cravouse no primeiro telediario, era o dun neno moi querido, feliz. Saíu correndo, pensando no seguinte xogo, a próxima falcatruada, os amigos agardando no sitio de sempre. Prendeu nas sombras agochadas que pelexan desde sempre contra a vida, prendeu nas envexas, na pequenez, nas feridas purulentas da nosa estirpe. Como Xosé, foi guindado ao pozo. Gabriel pagou un crime que non cometeu. Volvéronse contra del os ollos brillantes, as risas como axóuxeres, os soños agromando e até a colonia que lle botara a mamá o denunciou. Quen te manda ser tan feliz, tan cumpridamente ledó, tan simpático? Quen te manda ser tan querido, procurado e agardado? Con que dereito andas por aí a rir e a cantar? Pensas que o mundo é teu? A sombra matina, a ferida fala e fai o que sabe, ferir, matar e tentar, con todas as súas forzas, apagar a luz.

A carón de Gabriel estás ti, están todos os nenos e nenas encoloniadas e violadas, aínda cos calcetíns novos postos, se cadra. Ti percorreches a fenda da ferida humana cos teus dedos, cartografando cada milímetro de dor, polas túas pasaron todas para adiantarte a facer en algures un refuxio seguro onde ninguén, nunca máis, poida ferir os nenos e nenas, un lugar tépedo onde, meu Señor, acolles a cotío seres de luz que arrecenden a Nenuco, mentres esta terra aínda non é segura para todos os Gabrieleles do mundo. Aí estás Ti, anainando e bicando, sandando e resucitando, coidando, a salvo os teus anxiños.

Mais hoxe, albisco os teus ollos tristes: Cando vos dixen que deixádes os nenos vir a min, non era para que viñesen así... Cando aprenderedes? E creo que choras. E Resucitar será chorar contigo?

Christina

## DOMINGO 25 DE MARZO. DOMINGO DE RAMOS A PALABRA. Mc 14, 1 - 15, 47

Faltaban dous días para a Pascua e os Ácimos. Os sumos sacerdotes e mais os letrados andaban buscando como collelo a traizón, para matalo. Mais dicían: «Durante as festas non é ben, porque se pode armar un rebumbio cando hai aquí tanta xente.» Estando Xesús en Betania, na casa do Simón o Gafo, recostado na mesa, chegou unha muller cun frasco de alabastro cheo de perfume de nardo puro, moi caro; rompeu o frasco, e unxiulle a cabeza. Algúns dos convidados comentaban indignados: «Mais a que vén este estrago de perfume? Podíase vender en trescentos denarios, e repartírllelos aos pobres.» E alporizábanse contra ela. Mais Xesús dixo: «Deixádeca, por que a molestades? Ben está o que fixo comigo. Os pobres téndelos sempre entre vós, e podédelos axudar cando queirades; mais a min non me ides ter sempre. Ela fixo o que puido. Adiantouse a unxir o meu corpo para o enterro. Asegúrovos que onde queira que se anuncie a Boa Nova, polo mundo enteiro, falarase, para honra dela, do que acaba de facer.» (...)

*En memoria de ella* é o título dun ensaio de Elisabeth Schusler Fiorenza sobre hermenéutica feminista. Unha muller unxe na cabeza a Xesús. Na cabeza!! En Google só hai imaxes de "choronas" bicando pés, e iso que Xesús di: "Asegúrovos que onde queira que se anuncie a Boa Nova, polo mundo enteiro, falarase, para honra dela, do que acaba de facer". Casualidade?

Este 8M as mulleres clamamos pola igualdade, tamén para acabar co secular silenciamento. A min quédame unha imaxe: ás portas da catedral de Donosti, un grupo de mulleres, medio espidas, berran "Munilla, deabrua zure bila!" (Munilla, o demo vén por ti!). Non puideron menos de rir saudosa e pensar en tantas mulleres mortas na fogueira ás portas das catedrais europeas (Xoana de Arco, Margarita Porete...), acusadas de bruxería, de ter tratos co demo (manda c...!), por querer facer valer o seu saber, por abrir camiños. A protesta destas mulleres soou a exorcismo, a xustiza poética. É a puntilla a medos obsoletos, que fixeron moito dano a moitas mulleres concretas, pero que xa non nos magoan, porque estamos en pé. Os tempos son chegados: a xerarquía non nos pode seguir tendo medo. Somos nós, cos nosos corpos, as que estamos á porta. E non queremos entrar para sentar nun banco. Queremos que a xerarquía como xeito de goberno desapareza, que a Igrexa saia dos templos e se bote á rúa, ao noso lado, para curar e coidar. Queremos unha mesa de pan e viño compartido, sen tronos nin dominacións: unha auténtica *ecclesia*.

E quen pode poñerlle portas ao monte?

Marisa de Corme

OEKO

A CLAVE

# Falando da lingua A cerrar e fechar

Lidia e Valentina



Hai quen nos le..., e incluso hai quen nos le atentamente e nos dá un toque cando escribimos un pouco á lixeira, sen ter moita conta dos exemplos que empregamos (sen filtrar!, di agora a rapazada...). Para empezar, pedimos desculpas. Reproducimos literalmente a carta que nos fixo chegar Daniel, porque xa está todo dito. E está no certo, metemos a zoca porque, efectivamente, “pechar” e “fechar” non son sinónimos perfectos, non sempre son intercambiabes. O significado de “cerrar” é moito máis amplo, aínda que si é certo que, como ben di o *Diccionario da Real Academia Galega*, “pechar”;

*nalgúns lugares, pode adquirir o significado máis amplo de “cerrar”.* Así e todo, en moitos lugares diferencian “pechar” de “cerrar” cando falan de *asegurar mediante un mecanismo ou instrumento apropiado*, por exemplo unha chave, que son os casos aos que fai referencia este prezado lector.

«Como retruque ao último “Falando”, que moito me gustou, quero matizar que non concordo coa equivalencia e “intercambiabilidade” de cerrar e pechar/fechar.

Aprendino na vendima en Valtuille, no Bierzo, onde hai trinta e cinco anos falaban un galego oriental ben

xeitoso. O dono da casa, despois da xornada, e referíndose ao paseo que nos dispoñiamos a dar, dixo algo así: “Pois a porta quedavos logo cerrada, pero despechada”. Perfecto, xa que pechar, implica preferentemente o uso dun pecho, dun dispositivo que asegure que a porta cerrada non se pode abrir desde fóra.

Por iso, e con acerto, na Administración “cérrase o exercicio” porque non procede “pechalo”, porque non hai pecho que valla; un discurso cérrase cunha cita; pero poderíamos dicir, metaforicamente, que hai que pechar o galego a tanto castelanismo.


E, falando de metáforas, vén a conto o que contaba Pepe Chao dun crego, penso que da parte de Ferrol, que facía esforzos por falar universal e que no medio dunha barullenta sesión de catequese, coa igrexa chea de rapaces a berrar, apañou o micro e, referíndose aos líderes do balbordo, ordenou: “A ver, por favor, que alguna catequista le ponga un pecho en la boca a esos chavales, que así no podemos hacer nada!”»

Grazas, Daniel!

## O Fachineiro dos golpes

### Superviventes

Estes días de aí atrás topouse o fachineiro cun titular que dicía “Superviventes en Honduras”. E, claro, pensei que se refería á situación do país nove anos despois do golpe de Estado que derrocou o presidente Zelaya. No seu mandato, entre 2006 e 2009 a taxa de pobreza reduciuse un 7% e a pobreza extrema nun 21%. A desigualdade baixara durante catro anos; agora é o país de América Latina con meirande desigualdade. Daquela, os empresarios, a igrexa católica e o exército consideraron que o golpe fora legal. Hoxe é un dos países con máis corrupción e considerados entre os máis perigosos do mundo. Suspica como



é este columnista, pregúntase por que día si e día tamén, os xornais e televisións se esmeran en detallar a situación de Venezuela, e ignoran a doutros países con situacións igual ou máis execrables. Os superviventes en Honduras non son hondureños, nin contan as penalidades que sofren, nin pertencen a ningún dos grupos étnicos marxinados, nin falan unha das linguas en perigo de extinción das que alí hai, coma a dos lenca ou os chortís, que xa a perderon e adoptaron o español. Pero nada diso se dicía debaixo do titular. Trátase dun telelixo no que supostos famosos fan non sei que estremonías que deben atraer a selecta audiencia patria.

A.Q.